Boas de novo!

Esta semana propóñovos novamente unha manualidade con figuras xeométricas, varias actividades impresas e un pequeno experimento.

## ACTIVIDADE 1: FOGUETE DE FIGURAS XEOMÉTRICAS

Con esta actividade seguimos traballando a motricidade fina e o manexo das tesoiras. É importante que ademáis de manipular as pezas os nenos/as as nomeen, para afianzar o recoñecemento das figuras xeométricas.

Sei que hai peques que non teñen gañas de pintar, podedes empregar o modelo que vos facilito para marcalle as pezas sobre folios de cores e así solo terían que recortalas. Tampouco é necesario que pinten con ceras, se tedes témperas, acuarelas, rotus,… podedes empregalos. O importante é que os nen@s fagan os traballos o máis contentos posible.

A continuación tedes as pezas necesarias para formar o foguete. Podedes engadirlle os extras que queirades a partir do modelo base. Móstrovos 2 exemplos.







**<u>ACTIVIDADE 2: FICHAS VARIADA</u>**

A continuación hai unha serie de fichas para repasar contidos de löxica matemática, traballar a atención e a lectoescritura.



¿Cuántos hay?



Este puzle sérvenos para seguir traballando a serie numérica,  a orientación espacial, pero sobretodo pretendo que axude a manter o sentido de grupo a pesar da distancia.



Boni quiere pintar un bonito cuadro de flores.

¿Qué camino deberá seguir para encontrar el modelo?



En la descripción de abajo te dan las pistas para descubrir cuál es mi casa.



¿Cuál será?

























Mi casa tiene:

- el tejado rosa
- una puerta amarilla
- 2 ventanas
- las contraventanas verdes
- una ventana redonda

Cada dibujo está repetido 3 veces, excepto uno de ellos que sólo lo está dos.



! Yupiii! Hay tres zanahorias



Con esta actividade ademáis da lóxica imos repasar letras que coñecemos. Cando identifiquen a letra que falta en cada ficha, ademáis de escribila sería adecuado que dixesen unha palabra que empece por ela.



Nesta actividade imos traballar vocabulario e as rimas.

En cada fila hai unha palabra que rima coa que está na primeira posición. Deben colorear a 1ª imaxe e e a que rima con ela, os outros non.

Para que a actividade sexa máis completa, abaixo ou pola parte de atrás poden escribir as parellas de palabras que riman en cada fila.



**ACTIVIDADE 3: EXPERIMENTO " O PAPEL QUE NON SE MOLLA"**

Esta actividade é moi sinxeliña, sérvenos para facer pensar aos nenos/as, formular hipótesis e realizar a súa comprobación.

Necesitamos un recipiente con auga, un vaso e un papel.

Enchemos un recipiente con auga, colocamos un papel seco dentro do vaso e xirámolo para comprobar que non se cae. Introducimos o vaso boca abaixo no recipiente ata o fondo, sacámolo e comprobamos que o papel sigue seco.

No seguinte enlace vedes a demostración e a explicación de porqué sucede isto.

https://www.youtube.com/watch?v=cLabrMYv0WI

FELIZ SEMANA!